



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

*Resolución de Alcaldía de constitución da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Miño, como órgano de apoio á Alcaldía*

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público determina que, salvo no caso en que a facultade de contratar corresponda a unha Xunta de Contratación, nos procedementos abertos, abertos simplificados, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación para o exercicio das funcións previstas na citada Lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

Nos procedementos negociados nos que non sexa necesaria a publicación de anuncios de licitación e nos procedementos tramitados segundo o disposto no artigo 159.6 da citada Lei, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación. O apartado 4 do citado artigo 326 establece que os membros da Mesa serán nomeados polo órgano de contratación.

A composición das mesas de contratación, no ámbito das Administracións Locais, está regulada na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, podendo constituír as mesas de contratación con carácter permanente e debendo publicar a súa composición no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á primeira reunión que se celebre. Se se trata dunha mesa permanente, a súa composición deberá ser publicada tamén no Boletín Oficial do Estado, no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo sexa a Administración Xeral do Estado, a Autonómica ou a Local.

Os órganos das entidades locais de réxime común, Pleno e Presidente, non teñen entre si ningunha relación de xerarquía, senón unha distribución funcional de expedientes, correspondendo ao Pleno os de maior importe e compromiso temporal, pero en ningún caso o Presidente actúa por delegación do Pleno, nin pode este interferir no seu proceso de aprobación do expediente de contratación.

A disposición adicional segunda prevé que a Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, a Secretaria/o ou, se é o caso, o titular do órgano que teña asignado función de asesoramento xurídico, e a Intervención, ou, se é o caso, o titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que designe o órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

En base ao exposto e correspondendo á Alcaldía, a competencia para a designación da composición da Mesa de Contratación Permanente, como órgano de apoio á mesma, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Constituír a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Miño, como órgano de apoio á Alcaldía, para os procedementos de licitación, nos procedementos abertos, abertos simplificados, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, con expresión do nome, ou cargo ou posto que desempeñan, así como o réxime de substitución, para as funcións previstas na citada Lei e no seu desenvolvemento regulamentario, así como nas demais normas complementarias, concordantes e específicas sobre a materia.

**Segundo:** Designar como membros da Mesa de Contratación Permanente, como órgano de apoio á Alcaldía, os seguintes concelleiros/as e funcionarios/as:

**Presidente:**

Alcalde – Presidente, Don Manuel Vázquez Faraldo.

Primeiro suplente: A concelleira Dona Emma González Álvarez.

Segundo suplente: A concelleira Dona Catalina Morado Fariña.

**Vogais:**

Titular: Secretario/a Municipal.

Suplente: A persoa designada como secretario/a accidental ou substituto.

Titular: Interventor/a Municipal.

Suplente: A persoa designada como interventor/a accidental o substituto.

Titular. Don Iago Fernández Iglesias, técnico de xestión económica.

Primeiro suplente: Dona Berta Riveira Porto, auxiliar administrativa.

Segundo suplente: Dona Mercedes García Fernández, auxiliar administrativa.

**Secretario:**

Titular: Don Ignacio Edreira Moreira, administrativo.

Primeiro suplente: Dona María del Carmen Dopico Sanjuán, administrativa.

Segundo suplente: Dona Berta Riveira Porto, auxiliar administrativa.

Todos os membros da Mesa de Contratación terán voz e voto, agás o secretario/a, que actuará con voz pero sen voto.

**Terceiro:** Cando a natureza do contrato que se vai adxudicar así o requira, o órgano de contratación poderá solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados en materias relacionadas co obxecto do contrato, e esta asistencia deberá ser autorizada por este órgano de contratación, deixando reflexo expreso no expediente.

**Cuarto:** A Mesa Permanente rexerese, en canto ao seu funcionamento, por este acordo, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e normas de desenvolvemento regulamentario e polo regulamento de órganos colexiados previsto na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Quinto:** Revogar, con esta data, as designacións adoptadas con anterioridade.

**Sexto:** Este acordo adquirirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción e será publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Perfil do Contratante do Sector Público.

**Sétimo:** Notificar o acordo a todos os membros designados.

**Oitavo:** Dar conta ao Pleno da Corporación desta resolución na primeira sesión ordinaria que este realice, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Miño, 8 de novembro de 2023.

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira

2023/8937